

COMUNICADO Nº 071/20
6 DE MAIO DE 2020

COMUNICACIÓN E CONSULTA DO CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS.

Aviso importante (Estado de Alarma-Coronavirus). Durante o estado de alarma prohibese a celebración de eventos deportivos en vía pública. O prazo para a modificación de eventos deportivos (Traza) que xa figuran no calendario permanecerá aberto mentres dure o estado de alarma.

O prazo para a solicitude de novas reservas de calendario (Traza), previsto entre o 4 e 17 de maio, queda suspendido ata que se publique pola DGT un novo calendario de eventos deportivos, en vía pública, no que se recollan as solicitudes de modificacións feitas durante o período de restrición.

PARA CONSULTAS NO APARTADO:

.- PRAZOS PARA SOLICITAR RESERVAS NO CALENDARIO 2020 (DATAS ESTIMADAS).

DATAS (*)		FITO
15/03/2020	10/05/2020	Prazo extraordinario para solicitar modificación de eventos que figuren publicadas no calendario
11/05/2020	08/06/2020	Prazo para revisión e aprobación polas Xefaturas Provinciais de Tráfico das solicitudes feitas durante o prazo anterior
Semana do 8 de xuño		Publicación na web do calendario actualizado
08/06/2020	21/06/2020	Prazo para comunicación de novos eventos para o segundo semestre do 2020
22/06/2020	05/07/2020	Prazo para revisión e aprobación polas Xefaturas Provinciais de Tráfico das solicitudes feitas durante o prazo anterior
Semana do 5 de xullo		Publicación actualizada do calendario na web

* As datas serán modificadas en función a duración do estado de alarma decretado con motivo da emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

ACCESO AO SERVIZO:

1.- Dala clave de usuario e o contrasinal no TRAZA (Uso exclusivo Federacións).

2.- Para consultas calendarios:

<https://sede.dgt.gob.es/es/movilidad/usos-excepcionales-de-la-via/eventos-deportivos/comunicacion-y-consulta-del-calendario-de-eventos-deportivos.shtml>

As consultas pódense facer de modo presencial, por teléfono, ou na APP miDGT.

Os criterios para que a DGT outorgue unha data para celebración dun evento en vía pública (podes pinchar enriba si é do teu interese):

<https://sede.dgt.gob.es/es/movilidad/usos-excepcionales-de-la-via/eventos-deportivos/comunicacion-y-consulta-del-calendario-de-eventos-deportivos.shtml>

Nota: Soamente admitiranse solicitudes para o calendario de eventos deportivos, en vía pública, a través da aplicación "TRAZA", polas Federacións correspondentes (Automobilismo, Ciclismo, Atletismo, Motociclismo, etc.), durante os prazos establecidos para elo. Calquera solicitude feita fora de prazo, ou por medio diferente ao "TRAZA" será refusada.

Para consultar calquera dúbida ou incidencia sobre os trámites de eventos deportivos, en vía pública, e o uso da aplicación "TRAZA" na conta de correo cau.traza@dgt.es, e tamén se pode solicitar información no teléfono **060**.

Para descargar impresos do manual de procedemento "TRAZA-eventos" para calendario: https://sede.dgt.gob.es/sede-estaticos/Galerias/movilidad/autorizaciones-especiales-de-circulacion/TRAZA_EVENTOS-MANUAL_CALENDARIO.pdf

Advertencia: Os prazos de solicitude de novas reservas inclúe a posibilidade de solicitar modificacións de eventos, en vía pública, ós que se dera o visto bo. **Esta solicitude de modificación tratarase como unha nova reserva e será sometida ao proceso de revisión polas Xefaturas Provinciais de Tráfico para un novo visto bo.**

So se poderá facer solicitudes de reserva durante os prazos determinados para elo, agás que se trate de modificacións de datas a petición da Xefatura de Tráfico para a resolución de conflitos de coincidencia entre Federacións.

O evento en vía pública ten que ser comunicado por unha Federación. A comunicación dun evento federado non será completa ata que a Federación correspondente verifique mediante, a través do "TRAZA", que realmente é un evento federado e admitido-publicado no "TRAZA" da DGT.

Aqueles eventos deportivos en vía pública, federados, que non foran verificados pola súa Federación serán excluídos do calendario no "TRAZA". Si fora necesario modificar a data dunha reserva por petición dunha Xefatura Provincial de Tráfico para a resolución dunha incidencia, a Federación poderá facelo antes da apertura dun novo prazo de solicitude de reservas, enviando un correo electrónico a: calendario.deportes@dgt.es, indicando o código "TRAZA" de reserva e en que consiste a modificación. En todo caso, a Xefatura Provincial de Tráfico terá que dar e enviar o visto bo á citada modificación.

Os eventos que xa figuran no calendario co visto bo da Xefatura Provincial de Tráfico e non vaian a ser celebrados na data, poderán ser eliminados pola Federación correspondente en calquera momento. A solicitude de novas reservas, e modificación de datas só poderá facerse durante os prazos habilitados pola DGT no programa "TRAZA", polas federacións correspondentes.

Calquera solicitude feita fora do prazo, ou por un medio diferente ao "TRAZA", será refusada.